FUNDAMENTOS ARTÍSTICOS (55)

Criterios de avaliación para a realización da PAU 2027

SOBRE A PROBA

A proba constará de **4 preguntas de resposta obrigatoria**:

1) A primeira cuestión de 4 puntos.

Análise completa e contextualizada.

A primeira cuestión é de carácter competencial e de reflexión. A partir da lectura dun texto e da análise dunha obra, o alumnado deberá responder a cuestións referidas ao momento histórico e artístico proposto.

Apartado a) a resposta pode ser aberta e incluirá aspectos máis xerais, **ata 2 puntos**.

Terase en consideración o seguinte:

- Comprensión da cita recollida na cuestión, ata 0,5 puntos.

- Identificación e explicación das características recollidas nela e capacidade de análise e reflexión.ata 0,75 puntos.

- Exemplos de outros artistas e obras do mesmo estilo, ata 0,5 puntos.

- Claridade expositiva, cohesión e estilo na redacción, ata 0,25 puntos.

Apartado b) a resposta é máis concreta, referida a un autor determinado cunha breve introdución sobre o movemento ao que pertence, **ata 2 puntos**.

Terase en consideración o seguinte:

- Comprensión e análisise visual da obra que se propón, ata 0,5 puntos.

Deberase expoñer as principais características da obra pictórica proposta, sinalar elementos clave, analizando a composición, o estilo e o emprego da técnica na obra.

- Contextualización histórica e artística, ata 0,75 puntos.

- Reflexión crítica e análisise conceptual, ata 0,5 puntos.

Interpretación do significado e das posibles intencións da obra, así como reflexión sobre as ideas, cuestións ou valores que suscita e sobre o efecto que pode producir no espectador.

- Claridade expositiva, cohesión e estilo na redación, ata 0,25 puntos.

2) A segunda cuestión de **2 puntos.**

Análise formal e estilística.

Analiza as características estilísticas e formais da primeira obra proposta. Identifica o movemento artístico ao que pertence e explica de que maneira se manifestan na obra as características propias deste movemento. Relaciona estas características coa obra doutros artistas do mesmo movemento.

- Identificación e explicación das características estilísticas e formais presentes na obra, ata 0,75 puntos.

- Relación das características formais e estilísticas identificadas coa produción artística do autor da obra, ata 0,5 puntos.

- Citación e relación con outros artistas do movemento, ata 0,5 puntos.

- Claridade expositiva, ata 0,25 puntos.

3) A terceira cuestión de **2 puntos.**

Análise formal e relacións con outros artistas.

Analiza as características estilísticas e formais da segunda obra proposta. Identifica o movemento ao que pertence e explica as características do movemento que se manifestan nela. Establece relacións entre esta obra e outras obras ou autores, sinalando semellanzas e diferenzas.

- Análise das características estilísticas e formais da obra, ata 0,75 puntos.

- Relación da obra co movemento artístico ao que pertence, ata 0,5 puntos.

- Establecemento de relacións, semellanzas e diferenzas doutros artistas ou obras, ata 0,5 puntos.

- Claridade expositiva, ata 0,25 puntos.

4) A cuarta cuestión de **2 puntos**.

Reflexión transversal sobre unha das obras.

Reflexión sobre unha das obras propostas. Na resposta evitarase a mera descrición e faranse varias comparacións con autores de calquera disciplina ou época que respondan a unha proposta plástica e/ou creativa similar en termos conceptuais. Pode engadirse unha reflexión ou paralelismos con aspectos ou tendencias da actualidade.

Tras a elección da cuestión (opción 4.1. ou 4.2.) a desenvolver valorarase a exposición clara das ideas, segundo os seguintes criterios:

- Aspectos xerais da obra, ata 0,75 puntos.

- Emprego de terminoloxía específica da arte, ata 0,5 puntos.

- Achegas persoais, ata 0,5 puntos.

- Valorarase a claridade expositiva, ata 0,25 puntos.

Pontevedra, 11 setembro, 2026

Araceli Liste Fernández